

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

D.L.: C-1-1958

MÉRCORES, 29 DE OUTUBRO DE 2025 MIÉRCOLES, 29 DE OCTUBRE DE 2025 | BOP NÚMERO 207

ADMINISTRACIÓN LOCAL **MUNICIPAL AMES**

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 23 de octubre de 2025 por el que se convocan las subvenciones para la concesión de ayudas para material escolar destinadas a alumnado de 2º ciclo de educación infantil. Curso 2025/2026.

BDNS(Identif.): 864295

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/864295)

Primero. Beneficiarios:

Podrán ser beneficiarios/as de las subvenciones objeto de la presente convocatoria los padres y madres -o tutores legales- de los niños y niñas matriculados en el curso escolar 2025/2026 en un centro de enseñanza sostenida con fondos públicos, en el nivel de Educación Infantil (2ª etapa, de 3 a 5 años) que cumplan los siguientes requisitos:

- a) La unidad familiar deberá estar empadronada y residir de modo efectivo en el Ayuntamiento de Ames en el momento de la solicitud.
- b) Las/os alumnas/os para los que se solicita las ayudas deben estar matriculados en el curso escolar 2025/2026 en centros de enseñanza sostenidos con fondos públicos en el nivel de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 años).
- c) La renta per cápita de la unidad familiar, computando los ingresos percibidos por todos sus integrantes en el ejercicio fiscal 2024, no puede ser superior al 100 % del IPREM anual con pagas extraordinarias. El IPREM anual (14 pagas) fijado para el ejercicio 2024 es de 8.400 €.

Para la determinación de la renta per cápita se sumarán los ingresos anuales de todos los miembros de la unidad familiar mayores de edad, y se dividirá entre el número de miembros que formen la unidad familiar.

Segundo. Objeto:

Propiciar que la población escolar integrada en familias con menos recursos disponga del material educativo preciso para el normal desarrollo de su aprendizaje, centrando el esfuerzo presupuestario en la educación infantil, por ser esta la franja de edad no cubierta por la Xunta de Galicia.

Tercero. Bases reguladoras:

Acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 23 de octubre de 2025 por el que se aprueban las bases de la convocatoria de subvenciones de concesión de ayudas de material escolar destinadas al alumnado integrado en unidades familiares empadronadas en el Ayuntamiento de Ames, siempre que los/las alumnos/as estén matriculados durante el curso 2025/2026 en algún curso de educación infantil (2º ciclo), en un centro sostenido con fondos públicos.

Cuarto. Cuantía:

La cuantía máxima destinada a esta convocatoria asciende a 6.919,89 € con cargo a la aplicación presupuestaria 3261.48004 del presupuesto ordinario del 2024, en situación de prórroga para 2025.

Las cuantías a conceder al amparo de esta convocatoria no podrán exceder de los 120,00 € por niño/a.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes:

Las solicitudes para participar en la presente convocatoria podrán presentarse en el plazo de 15 días naturales a contar desde el día siguiente al de la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña. En caso de finalizar en un día inhábil, este plazo se entenderá prorrogado hasta el inmediato hábil siguiente.

Ames

23/10/2025

José Blas García Piñeiro, alcalde.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de outubro de 2025 polo que se convocan as subvencións para a concesión de axudas para material escolar destinadas a alumnado de 2º ciclo de educación infantil. Curso 2025/2026.

BDNS(Identif.): 864295

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/864295)

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións obxecto da presente convocatoria os pais e nais -ou titores legais- dos nenos e nenas matriculados no curso escolar 2025/2026 nun centro de ensino sostido con fondos públicos, no nivel de Educación Infantil (2ª etapa, de 3 a 5 anos) que cumpran os seguintes requisitos:

- a) A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Ames no momento da solicitude.
- b) As/os alumnas/os para os que se solicita as axudas deben estar matriculados no curso escolar 2025/2026 en centros de ensino sostidos con fondos públicos no nivel de Educación Infantil (2ª etapa, de 3 a 5 anos).
- c) A renda per cápita da unidade familiar, computando os ingresos percibidos por todos os seus integrantes no exercicio fiscal 2024, non pode ser superior ao 100 % do IPREM anual con pagas extraordinarias. O IPREM anual (14 pagas) fixado para o exercicio 2024 é de 8.400 €.

Para a determinación da renda per cápita sumaranse os ingresos anuais de todos os membros da unidade familiar maiores de idade, e dividirase entre o número de membros que formen a unidade familiar.

Segundo. Obxecto:

Propiciar que a poboación escolar integrada en familias con menos recursos dispoña do material educativo preciso para o normal desenvolvemento da súa aprendizaxe, centrando o esforzo orzamentario na educación infantil, por ser esta a franxa de idade non cuberta pola Xunta de Galicia.

Terceiro. Bases reguladoras:

Acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de outubro de 2025 polo que se aproban as bases da convocatoria de subvencións de concesión de axudas de material escolar destinadas ao alumnado integrado en unidades familiares empadroadas no Concello de Ames, sempre que os/as alumnos/as estean matriculados durante o curso 2025/2026 nalgún curso de educación infantil (2º ciclo), nun centro sostido con fondos públicos.

Cuarto. Contía:

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 6.919,89 € con cargo á aplicación orzamentaria 3261.48004 do orzamento ordinario do 2024, en situación de prórroga para 2025.

As contías a conceder ao amparo desta convocatoria non poderán exceder dos 120,00 € por neno/a.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes para participar na presente convocatoria poderán presentarse no prazo de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. No caso de finalizar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

Ames

23/10/2025

José Blas García Piñeiro, alcalde.

2025/6982